

Actividades II

Contido

Enquisa	2
Escolla.....	2
Exame Hot potatoes	2
Glosario	2
Jclic.....	2
Lección	3

Enquisa

É unha actividade co obxecto de coñecer diversos aspectos sobre o alumnado, a súa aprendizaxe, etc mediante unha serie de cuestións xa elaboradas. Non son cuestionarios avaliativos pero poden dar información útil ao profesorado e o alumnado pode ver os seus resultados comparados coa media da clase. Existen catro tipos de cuestionario que podemos elixir. ([Para máis información preme aquí](#)).

Escolla


É unha actividade para coñecer a opinión do alumnado sobre unha cuestión calquera que logo será publicada como unha enquisa de opinión. Pode utilizarse para coñecer a opinión do alumnado sobre unha actividade ou a dificultade dun cuestionario; pode tamén ser moi útil para facer votacións sobre unha data dun exame ou a elección dun tema para un traballo, etc. (Ver exemplo no curso)

Exame Hot potatoes

É un cuestionario feito con este programa que se pode integrar perfectamente en moodle e rexistrar os resultados como cualificacións. É tan sinxelo como elixir esta opción e no formulario que aparece subir o arquivo HTM que se crea de saída con esta aplicación. Poderemos configurar tamén outros aspectos como a cualificación máxima, o número de tentativas, etc. Ao rematar a configuración gardaremos os cambios e xa teremos o noso exame hot potatoes. (Ver exemplo no curso)

Glosario

É basicamente un dicionario personalizado para o noso curso, é dicir, unha lista de conceptos coas súas definicións. Ao poñerse enriba do concepto co punteiro do rato aparecerá o acceso ao glosario para ese concepto.



Jclíc

Semellante ao exame de hot potatoes pero esta vez feito con jclíc. A diferenza está en que aquí teremos que subir a actividade empaketada nun zip. Existen bastantes actividades que se poden utilizar na páxina web do proxecto: <http://clíc.xtec.cat/es/jclíc/>. Tamén poderemos obter informes



	último acceso	Actividades realizadas	Actividades acertadas	Tempo total	Puntuación	Intentos
[Redacted]	02/06/2011 10:51	14	10	34' 24"	53 %	1
[Redacted]	02/06/2011 10:48	16	16	36' 52"	84 %	1
[Redacted]	02/06/2011 10:48	14	11	31' 9"	60 %	1
[Redacted]	02/06/2011 11:19	18	18	28' 21"	71 %	3
[Redacted]	-	0	0	0' 0"	0 %	0
[Redacted]	02/06/2011 11:00	18	15	32' 12"	51 %	0

coas cualificacións e demais información.

Lección

Esta é unha actividade moi interesante e potente que permite deseñar contidos en pequenas parcelas ou seccións de xeito que para pasar de unhas a outras é necesario superar algunha proba como cuestións sobre os contidos da parcela presente. Trátase dunha aprendizaxe guiada na que presentamos ao alumnado contidos de xeito progresivo asegurándonos de que aprende eses contidos por medio de probas que debe superar para continuar. Os contidos pódense presentar de xeito lineal (se supera a proba pasa á seguinte e no caso contrario volve á anterior) ou arborescente (se supera pasa pero no caso contrario desvíase a contidos con actividades de reforzo).

É evidente que este tipo de actividade require dun gran traballo na súa elaboración por parte do profesorado, pero pode ser moi boa ferramenta para aquel alumnado que teña dificultades de aprendizaxe (pode presentarse coma un atractivo xogo de superación).

Para crear unha lección escolleremos esta no menú de actividades e apareceranos o formulario onde configurar diversos aspectos (consulta a lección da aula virtual no tema 7).

Engadir un novo Lección a tema 7 ?

Xeral

Nome*

Cronometrada ? Non ▾

Tempo límite (minutos)* 20

Número máximo de respostas/percorridos ? 4 ▾

Opcións de cualificación

Lección de práctica ? Non ▾

Puntuación personalizada ? Si ▾

Cualificación máxima ? 0 ▾

Estudante pode volver facelo ? Non ▾

Tratamento de novas tentativas ? Utilizar media ▾

Mostrar puntuación en curso ? Non ▾

Control do fluxo

Permitir revisión aos/ás estudantes ? Non ▾

Mostrar botón de revisión ? Non ▾

Número máximo de tentativas ? 1 ▾


Acción após unha resposta correcta ? Normal - Seguir o camiño da lección ▾

Mostrar avaliación predefinida ? Non ▾

Número mínimo de preguntas ? 0 ▾

Número de páxinas (fichas) para mostrar ? 0 ▾

Ao rematar a configuración e premer no botón "gardar cambios" apareceranos unha páxina coas distintas opcións ...



... das que deberemos elixir primeiramente "Engadir unha páxina de preguntas". Así faremos as distintas páxinas ata chegar á última na que indicaremos que é o final da lección para que logo deso nos mostre a cualificación.

